

Año 6

Número 54

Dzeczmbro 2011

MATHESIS

Boletín de divulgación matemática

Depósito Legal: C-2693-06

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesoterope Brayocoruna/>

Centenario do pasamento de Juan Jacobo Durán Loriga, matemático coruñés

Nos inicios do curso 1999-2000, comezou a materializarse no **IES Ramón Otero Pedrayo da Coruña** unha idea que pretendía a finalidade de por a traballar a un grupo de alumnas e alumnos arredor de tópicos matemáticos. As propostas do profesorado non foron caer en saco roto e inmediatamente formamos un grupo que deu en chamarse **Club Matemático Durán Loriga** –atopándonos nun centro da Coruña e pretendendo levar a cabo actividades matemáticas sería raro que a agrupación se chamase doutro xeito–.

O 3 de decembro de 2011, cúmprese o primeiro centenario do pasamento de **Juan Jacobo Durán Loriga**, ilustre matemático coruñés.

Tomando como pretexto esta efeméride, o **Club Matemático Durán Loriga**, dentro das súas modestas posibilidades, realizará algunhas actividades en memoria e honra de Juan Jacobo.

Por un lado, no noso instituto trataremos de promover e difundir, entre o alumnado, o nome (e tamén a obra) do matemático. Os materiais que utilizaremos confeccionáronos os membros do **Club Matemático**, ben para esta ocasión ou ben ao longo dos cursos anteriores: *Exposicións, galería de caricaturas, este número de Mathesis, quebracabezas, marcapáxinas...*



Juan Jacobo Durán Loriga

Por outra parte, tanto para a comunidade educativa do **IES Ramón Otero Pedrayo** coma para o resto do alumnado e profesorado de matemáticas de Galicia e para todos os que sintan curiosidade por este tema, na **sección da páxina web do centro que está coordinada polo departamento de matemáticas**, abrimos un pequeno **apartado dedicado a J. J. Durán Loriga**. A novidade fundamental dese apartado é que nel aparece dixitalizada a obra de **Durán Loriga** que se atopa nos arquivos da **Real Academia Galega** e algúns outros traballos, ademais doutras informacións. Colgamos na web unha parte dos contidos que tiñamos dispoñibles para esta finalidade, pretendemos ir engadindo outros a medida que vaiamos podendo... Dámosche máis información nas páxinas seguintes deste boletín.

Juan Jacobo Durán Loriga, naceu na Coruña o 17 de xuño de 1854 e finou tamén nesta cidade o 3 de decembro de 1911.

En 1869, cando tiña 15 anos, ingresou na Academia de Artillería (da que saíra catro anos máis tarde co grao de tenente primeiro). Pouco despois, debido á súa alta capacitación, foi proposto para desempeñar a Cátedra de Mecánica pero rexeitou o ofrecemento por motivos de saúde e, sobre todo, porque quería vivir na Coruña.

Destinado na súa cidade natal, deixou o exercito sendo comandante.

Debido á súa grande paixón polas **matemáticas**, fundou unha academia na que se facía a preparación para o ingreso no exército e as escolas de enxeñería e arquitectura.

Durante moitos anos dedicouse ao **estudo das matemáticas**. En 1888 obtivo a medalla de ouro e diploma na Exposición Universal de Barcelona. Chegou a ser membro de numerosas institucións nacionais e estranxeiras e publicou múltiples traballos de investigación matemática.

Departamento de Matemáticas do IES Ramón Otero Pedrayo. A Coruña.

O 3 de decembro de 1911 prodúcese o falecemento de **Juan Jacobo Durán Loriga**, feito verdadeiramente inesperado. Realmente, arredor desa data estaba prevista a entrada de **Durán Loriga** como membro da *Real Academia Galega*, tanto o seu discurso de ingreso coma o correspondente de recibimento (a cargo de D. Benito Fernández Alonso) xa estaban escritos e foron publicados no boletín da academia.

LA VOZ DE GALICIA do luns 4 de decembro de 1911 saíu á rúa coa sorprendente noticia da súa morte, dicía así:

DON JUAN J. DURÁN LORIGA

Triste privilegio de los que velan, este de recibir antes que nadie las noticias tristes.

Esta madrugada llega a nosotros la dolorosa e inesperada nueva de la muerte del querido amigo cuyo nombre encabeza estas líneas, D. Juan Jacobo Durán Loriga.

De noble abolengo y caballerosa vida, amable, servicial, finísimo, D. Juan Jacobo gozaba en este pueblo de intensas y generales simpatías.

Dos generaciones de jóvenes gallegos pasaron por su Academia Militar, donde recibieron enseñanzas preparatorias para el ingreso en el oficialato, de los doctos labios del Sr. Durán Loriga.

Era éste uno de los primeros matemáticos de España y sus escritos, esparcidos por las revistas científicas, nacionales y extranjeras, fueron objeto de elogios de los sabios.

Joven aún, comandante de Artillería, pidió el retiro para dedicarse enteramente a su devoción: la educación de aptitudes para la carrera de las Armas, aunque de cuando en veces, nos sorprendiera gratamente con una conferencia de fondo científico y presentada en atractiva forma o un trabajo periodístico de índole histórico.

¡Pérdida grande la de este hombre para La Coruña y para Galicia! Descanse en paz.


En el sentimiento que embarga a la distinguida familia, tomamos la sincera parte que nos inspira el profundo afecto que teníamos hacia el dignísimo profesor y respetado amigo.

¡VISITA A NOSA WEB!

Se todo funciona como nós queremos, a partir de agora quedará aberta a sección que, **dentro da páxina web do IES Ramón Otero Pedrayo**, dedicaremos a **Juan Jacobo Durán Loriga**. Para entrar nesa sección debes utilizar o **endereço actual** do instituto, que é o seguinte:


<http://www.edu.xunta.es/centros/iesoteropedrayocoruna/>

Chegados á páxina de entrada, deberás percorrer un camiño formado por tres ligazóns: Preme, en primeiro lugar, no enlace **Matemáticas** (que atoparás na marxe dereita da pantalla). Abrirase un despregable con diversas opcións, elixe **Club matemático Durán Loriga**. No lugar no que te atopas podes consultar moitos dos traballos que temos realizado nos últimos cursos; se premes sobre a **caricatura de Durán Loriga**, irás parar ao punto ao que queremos chegar.



Os contidos que colgamos polo de agora, están clasificados en tres apartados. Na primeira folla dáse acceso a unha galería que contén **quinze caricaturas de Durán Loriga** realizadas polo alumnado do

centro ao longo de diversos cursos. Tamén se pode ver o contido dunha *exposición* sobre **J. J. Durán Loriga** que foi deseñada no curso 1999-2000 e que está formada por dezaseis carteis de 60 cm × 80 cm.



Na segunda folla facilitamos a consulta sobre *parte da obra de Durán Loriga*. A maioría dos recursos obtivémolos nos arquivos da *Real Academia Galega*.

Débase ter en conta que algúns dos escritos teñen un certo carácter divulgativo, polo que son de comprensión fácil, outros son máis técnicos e cómpre unha importante formación matemática para poder entendelos.

Non debemos pasar por alto o feito de que varios dos traballos están escritos en linguas que non son o castelán.



Na terceira folla facemos mención a diversas referencias, tomadas da prensa local, en relación con **Durán Loriga**; teñen que ver con: unha conferencia pronunciada por *Juan Jacobo* o 25 de decembro de 1904, a noticia da súa morte, as sesións do concello nas que se decidía dedicarlle unha rúa da Coruña...

Podedes ler, ademais, un artigo aparecido en *El Ideal Gallego* o 17 de xuño de 1954, xusto no día en que se cumpría o centenario do seu nacemento.

Tamén deixamos constancia de dúas homenaxes; por unha parte a que se celebrou na Coruña o 3 de decembro de 1954 para recordar o *centenario do nacemento* (transcribimos os textos aparecidos nos xornais locais).

Por outra banda, os actos para conmemorar o *sesquicentenario* (cento cincuenta anos) do seu nacemento, promovidos polo **Club Matemático Durán Loriga do IES Ramón Otero Pedrayo: AGAPEMA** (*Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática*) recolleu a iniciativa do club matemático e a **Biblioteca Municipal de Estudos Locais da Coruña** materializou as propostas.

Nos locais da biblioteca tiveron lugar dúas importantes iniciativas: Unha *exposición sobre a vida e a obra do matemático coruñés* e unha conferencia que levou por título *Durán Loriga y la matemática de su tiempo* que pronunciou **Mariano Hormigón Blánquez** profesor de Historia da Ciencia da Universidade de Zaragoza.



[...] No lo dudéis señores, es fruto de la matemática el hermoso trasatlántico que marcha hacia lejanas tierras para llevar, como mensajero de paz y bienandanza, los productos de la agricultura y de la industria, o el poderoso acorazado que va a vengar ultrajes hechos a la bandera de la Patria, el telégrafo que permite contar en un momento dado las pulsaciones de la humanidad entera, el telescopio que deja examinar el mundo de los astros, o el microscopio que escudriña los secretos de lo infinitamente pequeño. En leyes matemáticas se traducen así los movimientos que se realizan en los espacios celestes, como los vertiginosos que agitan las moléculas de los cuerpos.

Campea el número en las más bellas odas de Píndaro, en las estatuas de Miguel Ángel, en los lienzos de Rafael.

¡Matemática en el cerebro del sabio, matemática en el corazón del poeta, matemática en el cielo, en la tierra, en lo grande, en lo pequeño! ¡En todas partes matemática!

Y es señores, que donde quiera que hay proporción, orden, armonía y belleza, allí aparece flotando la matemática "como el espíritu del Señor flotaba sobre las aguas". Platón lo ha dicho: "**Los números gobiernan el mundo**". Bien podemos exclamar con Joseph de Maistre: "*Suprimid el número y suprimiréis las artes, las ciencias, la palabra y por consiguiente la inteligencia. Restablecedlo y con él aparecerán sus dos hijas celestes, la armonía y la belleza, el grito se hace canto, el ruido ritmo, el salto danza, la fuerza dinámica, y las líneas figuras*". [...]